



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Literatura Medieval Galego-Portuguesa	Código	613G02023		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Eirin García, Leticia	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es		
Profesorado	Eirin García, Leticia	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval galego-portuguesa a través dos seus textos e autores máis representativos.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicar a análise e o comentario críticos a textos e discursos literarios e non literarios, utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2 A11	B1 B7	
Identificar os problemas e temas de investigación do ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14 A15 A16 A17 A18	B3 B6	
Aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18	B1 B3 B6 B7	C1 C8
Interiorizar e aplicar un coñecemento avanzado da literatura galega e portuguesa.	A1 A17 A18		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.	A1 A2 A14 A15 A16 A17 A18	B1 B3	C1 C6

Contidos



Temas	Subtemas
I. Cuestións introdutorias	1. A Idade Media e a literatura medieval galego-portuguesa
II. A poesía profana galego-portuguesa	2. Xénese, cronoloxía e axentes do trobadorismo galego-portugués 3. Os textos manuscritos conservados e o corpus lírico 4. Poética e retórica trobadorescas 5. A cantiga de amor 6. A cantiga de amigo 7. A cantiga de escarnho e maldizer 8. Xéneros ou modalidades xenéricas pouco representadas 9. As prolongacións da escola trobadoresca
III. A poesía relixiosa galego-portuguesa	10. As Cantigas de Santa Maria
IV. A prosa literaria e historiográfica	11. Cuestións previas. As materias narrativas: a materia de Bretaña e a materia de Roma 12. A historiografía e a prosa xacobeá

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A7 B1 B3 C1 C8	1	0	1
Sesión maxistral	A7 A11 A17 A18 B7	21	1	22
Análise de fontes documentais	A2 A11 A15 B7	10	10	20
Seminario	A2 A11 A14 A15 B1 B7 C6 C8	10	10	20
Glosario	A2 A7 A15 A17 B1 B3 B6	1	9	10
Lecturas	A2 A7 B6 B7 C1 C6	1	37	38
Presentación oral	A2 A11 A14 A15 A17 A18 B1 B3 B7 C1 C8	2	12	14
Prácticas a través de TIC	B1 B3 C6 C8	2	0	2
Proba mixta	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B6 B7	2	20	22
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Aplicada á primeira sesión da disciplina, en que se expón o funcionamento da materia, a bibliografía básica recomendada, a metodoloxía das actividades avaliábeis, así como tamén se presentan ao alumnado as bases de datos e recursos que serán empregados. As actividades iniciais son moi útiles para coñecer as competencias e intereses que posúen os e as estudantes coa finalidade de articular a docencia e favorecer a aprendizaxe.
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da profesora que facilita a visión xeral do tema en cuestión, mais tamén permite a explicación de contidos recentes e novidosos que non están aínda incorporados nos libros e manuais. Estas exposicións orais complementáanse co uso de recursos relacionados coas TIC, así como tamén se introducen nelas preguntas dirixidas ao estudantado coa finalidade de facilitar a aprendizaxe e incitar á reflexión. Estas sesións sérvellen ao alumnado como preparación para a realización das prácticas.
Análise de fontes documentais	Lectura, análise e comentario de textos e paratextos de diversa tipoloxía.



Seminario	Esta metodoloxía é moi útil para estudar con pormenor temas concretos nos grupos reducidos, pois permite a lectura de materiais, a discusión e a elaboración de documentos e conclusións que debe tirar todo o alumnado.
Glosario	O alumnado debe confeccionar conxuntamente un glosario de termos poéticos e literarios. Esta actividade será realizada a través do Campus Virtual (esta plataforma contempla a realización de glosarios) e o alumnado terá de incluír a definición e exemplos dos termos fixados pola profesora e dos que eventualmente poidan aparecer nas aulas. O obxectivo é que no final do período lectivo o estudantado conte cunha ferramenta para a revisión dos conceptos de cara á realización da proba mixta, dos seus traballos e para o seu aproveitamento futuro. Esta actividade será iniciada nas sesións prácticas do subtema (Poética e retórica trobadorescas) 4 e completado con frecuencia semanal.
Lecturas	Son de lectura obrigada as obras literarias que figuran como tal no apartado de Fontes da Información. Serán tamén obxecto de lectura algunhas referencias de bibliografía secundaria que a profesora indicará expresamente na aula.
Presentación oral	Consistirá na exposición dunha lectura sobre a Idade Media, previamente acordada coa profesora.
Prácticas a través de TIC	Nesta materia trátase do manexo de diversos recursos en rede e portais especializados para a aplicación práctica de coñecementos adquiridos nas sesións teóricas.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e combinará exercicios de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Proba mixta Glosario Presentación oral	A profesora orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria. A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas. As persoas que obtiveren dispensa académica deberán poñerse en contacto coa profesora, e terán condicións especiais de avaliación: proba mixta (50%), lecturas (30%), presentación oral (20%). As persoas con matrícula parcial deberán poñerse en contacto coa profesora antes do 30 de setembro por se for preciso establecer condicións especiais de avaliación; de ser este o caso, aplicaríanse as mesmas que para as persoas con dispensa académica.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A2 A7 B6 B7 C1 C6	As obras de lectura obrigada serán obxecto de traballo específico nas aulas dos grupos de docencia interactiva. A avaliación realizarase tendo en conta o traballo levado a cabo nestas sesións e na elaboración de dous comentarios, que deberán seguir as pautas indicadas pola profesora.	30
Proba mixta	A1 A2 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 B1 B3 B6 B7	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais. Serán valoradas cuestións como o rigor expositivo e a calidade expresiva.	40
Glosario	A2 A7 A15 A17 B1 B3 B6	Será valorada a correcta definición e exemplificación das entradas introducidas por cada alumno/a.	10
Presentación oral	A2 A11 A14 A15 A17 A18 B1 B3 B7 C1 C8	Cada alumno/a deberá realizar unha lectura sobre a Idade Media, previo acordo coa profesora, que deberá presentar de xeito oral ante os seus compañeiros e compañeiras. Serán valoradas a comprensión da lectura, a capacidade de análise e síntese, así como os medios empregados para a presentación.	20

Observacións avaliación



Para superar a materia, o/a estudante deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados no Campus Virtual no inicio do curso.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados á ferramenta para a detección de plaxio Turnitin.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades nos prazos establecidos nas aulas.

1. OPORTUNIDADE DE XULLO

Deberáanse realizar ou presentar as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

2. NON PRESENTADO/A

Será considerado NON PRESENTADO/A o/a estudante quen non se presente á proba mixta.

3. DISPENSA ACADÉMICA E MATRÍCULA PARCIAL

As persoas que teñan dispensa académica terán condicións especiais de avaliación:

- Proba mixta (50%).- Lecturas (30%). Para concretar as características dos comentarios, o/a estudante deberá pórse en contacto coa profesora antes do día 30 de setembro. - Presentación oral (20%).As persoas con matrícula parcial deberán poñerse en contacto coa profesora antes do 30 de setembro por se for preciso establecer condicións especiais de avaliación; de ser este o caso, aplicaríanse as mesmas que para as persoas con dispensa académica.

4. ALUMNADO CON INCOMPATIBILIDADE POR RAZÓNS HORARIAS OU LABORAIS

O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas e o alumnado que tiver horario laboral incompatible co seguimento da materia mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica deberá comunicalo á profesora a través dun correo electrónico antes do 30 de setembro.

Unha vez realizadas as oportunas comprobacións, a profesora confirmará se o seu sistema de avaliación será o do alumnado con dispensa académica.

5. APOIO Á DIVERSIDADE

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC ou no centro nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado> ou coa titora ADI da Facultade de Filoxía a través do correo electrónico pat.filoxia@udc.gal).

6. CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO

Consistirá na realización dunha proba escrita (60% da cualificación) e na entrega da recensión bibliográfica fixada na guía docente (40%).

as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado con matrícula parcial deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de NON

PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%



Fontes de información

<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Beltrán, Vicens (1995). A cantiga de amor. Vigo: Xerais - Brea, Mercedes (coord.) (2000). Galicia. Literatura. Tomo XXX. A Idade Media. A Coruña: Hércules de Ediciones - Brea, Mercedes & Lorenzo Gradín, Pilar (1998). A cantiga de amigo. Vigo: Xerais - Buescu, M^a Leonor Carvalhão (1990). Literatura Portuguesa Medieval. Lisboa: Universidade Aberta - Corral, Esther (coord.) (2010). Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Corral, Esther & Pichel, Ricardo (coords.) (2020). Guía para o estudo da prosa galega medieval. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Dias, Aida Fernanda (1998). História Crítica da Literatura Portuguesa. Idade Média. Volume I. Lisboa / São Paulo: Editorial Verbo - Ferreiro, Manuel (dir.) (2018-). Universo Cantigas . A Coruña: Universidade - Fidalgo, Elvira (2002). As Cantigas de Santa María. Vigo: Xerais - Gutiérrez, Santiago & Lorenzo Gradín, Pilar (2001). A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media. Santiago de Compostela: Universidade - Lanciani, Giulia & Tavani, Giuseppe (1995). As cantigas de escarnio. Vigo: Xerais - Lanciani, Giulia & Tavani, Giuseppe (orgs. e coords.) (1993). Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa. Lisboa: Caminho - Lapa, Manuel Rodrigues (1955). Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval. Coimbra: Coimbra Editora - Lopes, Graça Videira & Ferreira, Manuel Pedro et alii (2011-). Cantigas Medievais Galego-Portuguesas . Lisboa: Instituto de Estudos Medievais / FCSH / NOVA - Oliveira, António Resende de (1995). Trovadores e Xogres. Contexto histórico. Vigo: Xerais - Oliveira, António Resende de (2001). O Trovador Galego-Português e o seu Mundo. Lisboa: Notícias Editorial - Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1953. Vigo: Galaxia - Polín, Ricardo (1994). A poesía lírica galego-castelá (1350-1450). Santiago de Compostela: Universidade - Tavani, Giuseppe (1991). A poesía lírica galego-portuguesa (3^a ed.). Vigo: Galaxia <p>Obras de lectura obrigada:- Arias Freixedo, Xosé Bieito (2003). Antoloxía da lírica galego-portuguesa. Vigo: Xerais.- [SELECCIÓN DE TEXTOS] Ferreiro, Manuel & Martínez Pereiro, Carlos Paulo (1996). Cantigas de Santa María. Afonso X (Antoloxía). Vigo: A Nosa Terra & AS-PG.- [SELECCIÓN DE TEXTOS] Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1996). Prosa literaria medieval (Antoloxía). Vigo: A Nosa Terra & AS-PG.- Lectura individual acordada coa profesora e que o alumnado terá de expor nas aulas.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Proporcionaranse outros recursos bibliográficos específicos e en liña para os temas tratados nesta materia a través do Campus Virtual.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Edición e Comentario dos Textos Galegos e Portugueses/613G02028

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías